



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE ABRIL DE 2012

LICENZAS

EDIFICACION.-

LIC/251/2012.- MARINA CORES MUÑIZ.- Conceder a licenza para derruba dunha vivenda unifamiliar na rúa Escultor Xosé Eiroa (do), 4.

LIC/259/2012.- MARINA CORES MUÑIZ.- Conceder a licenza de obras para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Escultor Xosé Eiroa (do), 4.

LIC/988/2011.- LUIS JESÚS RAPOSO RODRIGUEZ.- Conceder a licenza de obras para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Carricova (da) nº 2.

LIC/301/2012.- ALEJANDRO CASAL GARCÍA.- Conceder a licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar Rial de Conxo – rúa da Decoita nº 14.

DETERMINACION DE CUANTÍA DE AVAL.-

LIC/1835/2011.- URBIGAL UNO, S. L, representada por D. Alfonso Magán Carrillo.- Construción dun edificio de 3 sotos para garaxe, planta baixa para uso comercial, 5 plantas de piso para 74 vivendas e baixocuberta para rochos, no bloque 2 do Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas (parcela R4 do Proxecto de Compensación, Rúa Berlín nº 9 e 11).

LIC/905/2008.- B4 DE VIVENDAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.- Construción dun edificio de tres sotos para garaxe, planta baixa para uso comercial, 5 plantas de piso para 74 vivendas e baixo cuberta para rochos, no bloque 2 do Polígono 4 do Plan Parcial de Fontiñas (parcela R4 do Proxecto de Compensación, Rúa Berlín nº 9 e 11).

PARCELACIONES.-

LIC/349/2012.- MAGDALENA RUANOVA TURNES.- Conceder licenza de parcelación dunha parcela situada no lugar de Sarela de Abaixo. (+)

LIC/481/2012.- FRANCISCO RIOS MIRAMONTES.- Conceder licenza de parcelación dunha parcela situada no lugar de Ponte Alvar (A). (+).

LIC/310/2012.- ALICIA MARIA LORENZO UCHA.- Conceder licenza de parcelación dunha parcela situada no lugar de Larañiño. (+).

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/643/2012.- ANGEL PARDO FIDALGO.- LIC/855/2011 6.000 €.-

LIC/2252/2011.- CONCEPCION FANDIÑO MARZOA.- LIC/2459/2003 ... 2.813 €.-

LIC/654/2012.- PROMOCIONES FERNANDEZ TABOADA, S.L.-..... LIC/724/2008 1.500 €.-

LIC/1783/2011.- SALESIANOS DE DON BOSCO DE SANTIAGO.- LIC/1448/209 600 €.-

LIC/1600/2011.- ISABEL FRADE RENDO.- LIC/464/2010 1.200 €.-

LIC/660/2012.- INMOBILIARIA KEOPS SANTIAGO.- LIC/1489/2007 ... 3.000 €.-

LIC/651/2012.- INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR, S. L.- LIC/40/2006 ... 3.000 €.-

4.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.

Suspendeuse unha axuda para comedor escolar por existir duplicidade coa bolsa comedor escolar que xa fora aprobada pola XGL a principios deste mes.

5.- Prórroga contrato do aluguer de local na parroquia da Barciela para uso como Centro Sociocultural.

A XGL aprobou a prórroga do contrato de alugueiro do local da Barciela destinado a Centro Sociocultural por un importe de 4.838,76 € para o que queda 2012 e de 1.612,89 € para 2013 (Xaneiro, Febreiro e Marzo).

6.- Adxudicación do contrato de Concesión de bens de uso público municipal na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2012-2013.

A XGL aprobou adxudicar á empresa Pombo Eventos Atracciones de Feria S.L. a concesión de bens de uso público municipal na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2012-2013 por un importe total de 141.469,71 €.

7.- Aprobación prego cláusulas administrativas e inicio expediente contratación servizo organización "Festa dos maiores 2012.

A XGL aprobou o prego de cláusulas administrativas para o inicio do expediente e para a contratación por procedemento negociado sen publicidade para a Festa dos maiores 2012 que se celebrará o 19 de maio, cun gasto máximo previsto de 43.200 €. O control de asistencia efectuarase a través da venda de entradas, cun prezo simbólico de 5 euros, labor que correrá a cargo do Concello.

8.- Cambio de denominación dunha empresa.

Dáse conta do cambio.

9.- Propostas da alcaldía relativas ao nomeamento de directores de Área.

A XGL aprobou o nomeamento de Mar Hinojosa Izquierdo como Directora de Área de Mobilidade e Seguridade Cidadá. Tamén se aprobou, a proposta da Alcaldía, nomear a Carmen Gómez Otero como Directora de Área de Facenda, Contratación e Control de Gasto. Carmen Gómez Otero é Licenciada en Dereito pola Universidade de A Coruña. É funcionaria do Corpo Superior de Secretarios e Interventores da Administración Local con habilitación de carácter nacional. Desenvolveu o cargo de Interventora nos Concellos de Ribadavia, Melide e Vilagarcía de Arosa.

10.- Proposta da alcaldía relativa á corrección de erros no punto nº 47 da sesión de data 05.03.2012 relativa á designación de nomes para diversas rúas.

Aprobouse unha corrección de erros; houbo que incluír nos nomes das rúas que se asignaron na XGL do 5-3-12 as preposicións: de/da/do, según procedera, por exemplo: donde dicía Rúa Navarra ten que dicir Rúa de Navarra.

11 a 24.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

25.- Propostas da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativas á desestimación dun recurso de reposición e de reclamacións interpostos por diversos solicitantes contra a puntuación outorgada na convocatoria de axudas á creación de novas empresas Compostela Activa 2011.

A XGL aprobou rexeitar este recurso de reposición xa que unha vez feitas as comprobacións obtidas na valoración do seu expediente segundo o baremo establecido nas bases da convocatoria, e unha vez aplicada a fórmula pola que se transforman eses puntos na cantidade a percibir constatouse que as cantidades resultantes no primeiro cálculo eran correctas.

26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á execución da sentenza número 740/2006 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 20 de xullo de 2006, recaída no procedemento 5665/2002 da Delimitación do sector do solo urbanizable non programado número 12 (SUNP-12) de Lamas de Abade.

Esta sentenza do TSXG anula un acordo adoptado pola XGL o 1 de agosto de 2001 polo que rexeitaba a solicitude presentada por varios propietarios do SUNP-12 (Lamas de Abade) en canto ao desenvolvemento urbanístico do sector a través do sistema de compensación.

Non obstante, o resultado probado é que o Concello desenvolveu de feito a transformación urbanística aprobando todos os instrumentos urbanísticos precisos para a súa transformación. No momento actual os recorrentes non ostentan dereito á propiedade sobre os terreos afectados, ao ter transmitidos a terceiros de forma voluntaria e con anterioridade á expropiación as parcelas afectadas. Polo tanto procede que o Concello adopte agora a resolución que en dereito proceda en base ó fundamento cuarto da sentenza. É por isto polo

que se procedeu a rexeitar a solicitude presentada en xullo de 2002 respecto do desenvolvemento urbanístico do SUNP-12.

27.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento de recurso de alzada interposto contra o acordo adoptado na asemblea xeral do 3/10/2011 pola Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25). Roxos.

A XGL aprobou rexeitar este recurso de alzada. Consideracións do escrito de rexeitamento:

A) Respecto da vulneración dos principios de igualdade e de capacidade económica, o trato que a Xunta de Compensación dá aos seus membros en canto ao sinalamento de cotas e porcentaxes respecta os principios indicados ao aplicarse a todos os membros sen excepcións.

B) Sobre a vulneración do artigo 40 dos Estatutos relativa á vía de costrinximento; respecto da derrama pendente é proporcional á súa cota de participación, sen que se lles xire máis do que legalmente lles corresponda; sobre isto resultaría máis sinxelo unha colaboración que daría lugar a procedementos menos gravosos como o plan de pagos que indica o presidente, que se estima totalmente axeitado sen discriminacións para os que colaboren.

Por último, respecto da solicitude de requerimento municipal á Xunta de Compensación do SUNP-25 de Roxos para que informe dos seus membros que non se atopan ó día das cotas aprobadas, ao non achegar requerimento previo, trátase dunha cuestión privada, excedendo a presente solicitude das facultades do Concello.

29.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación, portelos únicos de información e xestión do plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda.

Deuse conta deste Convenio que ten por obxecto establecer o marco de colaboración necesario entre o IGVS e o Concello de Santiago para a realización das funcións previstas no Decreto 402/2009, nos programas de áreas de rehabilitación, renove e erradicación do chabolismo. O ámbito das actuacións serán as áreas de rehabilitación declaradas no Concello de Santiago, e en materia do resto de axudas, a totalidade do ámbito municipal.

A achega do IGVS será de 80.000 €. Os custes estimados do persoal da oficina de rehabilitación serán para 2012 de 362.640,99 €.